

## CONSERVATORIO PROFESIONAL DE DANZA

### MATRÍCULA CONSERVATORIO PROFESIONAL DE DANZA CURSO ESCOLAR 2024/2025

O alumnado que desexe cursar estudos no Conservatorio Profesional de Danza terá que formalizar a matrícula correspondente **do 12 ao 28 de xuño de 2024, ambos inclusive.**

- A solicitude de matrícula presentarase segundo o modelo oficial.
- Para o pago da taxa por servizos no Conservatorio de Danza deberase presentar tamén o modelo de domiciliación do recibo. Este modelo ten que vir acompañado por un documento acreditativo tanto da titularidade da conta como da súa correcta identificación.

A taxa por servizos de danza consistirá nunha cota mensual, que será liquidada na conta facilitada durante o curso escolar, que abrangue desde o mes de setembro ata o mes de xuño, ambos os dous inclusive. A cota mensual non é fraccionable. As familias numerosas terán dereito a bonificación.

As baixas no Conservatorio de Danza comunicaranse por escrito á Deputación Provincial da Coruña e producirán efectos económicos a partir do mes seguinte ao que se presente a solicitude de baixa.

Os modelos oficiais serán facilitados en formato papel no Conservatorio Profesional de Danza, e estarán dispoñibles para cumprimentar en liña na Sede Electrónica da Deputación da Coruña e na sección "Secretaría" apartado "Matrícula" da páxina web do centro: <https://www.dacoruna.gal/conservatorio-profesional-danza/secretaria#Matricula>.

Os modelos de solicitude de matrícula e domiciliación bancaria poderán presentarse, no prazo establecido:

A través da Sede Electrónica da Deputación da Coruña.

Na oficina do Rexistro Xeral do Pazo Provincial: Avenida Porto da Coruña, 2, 15003, A Coruña.

En calquera oficina á que fai referencia o artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE de 2 de outubro de 2015).

### INSTRUCCIÓNS PARA REALIZAR A MATRÍCULA

- **Telemática:** acceso con CI@ve mobil, DNle, certificado electrónico, CI@ve PIN o CI@ve permanente. A través da Sede electrónica da Deputación da Coruña, onde terán dispoñibles os modelos necesarios de matrícula e domiciliación bancaria para cumprimentar en liña <https://sede.dacoruna.gal/sxc/gl/> :



➔ "Solicitude de matrícula no Conservatorio de Danza"

- **Presencial:** para realizar a solicitude presencial poden solicitar cita previa para a oficina do Rexistro Xeral a través da páxina web da Deputación da Coruña, "Trámites - cita previa", "Oficina de Información e rexistro", trámite "registro de documentación": <https://cita.dacoruna.gal/citaprevia/deputacioncoruna> Tamén poden acudir sen cita previa, neste caso terán que esperar para ser atendidos.

Na oficina de rexistro deberán presentar cumprimentados os impresos oficiais indicados.